

RESOLUCIÓN POLA QUE SE RESOLVE A SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA PRESENTADA POR MIGUEL ANGEL DELGADO GONZALEZ

O día 4 de febreiro de 2022 tivo entrada na Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, unha solicitude de acceso á información pública presentada por Miguel Angel Delgado González, ao amparo da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Con data do 12 de abril de 2022, o interesado solicita a certificación do acto presunto sobre a súa solicitude.

Logo de analizar a solicitude e no que respecta ao contido referido á información pública regulada nas devanditas Lei 19/2013, do 9 de decembro e lei 1/2016, do 18 de xaneiro,

RESOLVO

Conceder o acceso á solicitude formulada polo interesado nos seguintes termos:

1º) Sobre os pagamentos realizados con fondos autonómicos, nacionais e da Unión Europea tramitados a través da Xunta de Galicia ás auxiliares cuxa actividade está centrada na matriz Hijos de Barrera S.A. e PEMEX, infórmolle que, cos datos facilitados na documentación achegada coa solicitude, os pagamentos realizados a través da Subdirección Xeral do Tesouro e que figuran no Sistema de Información Contable da Xunta de Galicia (Xunco2), son os seguintes:

Terceiro	Importe	Data	Concepto
Hijos J. Barreras	15.378,91	30/11/2021	Liquid. Hijos J.Barreras Expediente TR310A- 2018/000040

2º) Sobre os créditos avalados pola Xunta de Galicia en entidades bancarias ás mesmas empresas, a Consellería de Facenda e Administración Pública non dispón da referida documentación, por canto os avais concedidos pola Comunidade Autónoma son, no seu caso, outorgados polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe).

Polo que, en cumprimento do disposto no artigo 19.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, con esta mesma data dáse traslado da súa solicitude ao devandito organismo.

3º) Por último, no que atinxe á certificación do silencio administrativo, infórmolle de que, tal como dispón o artigo 27.5 da referida Lei 1/2016, "transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada".

Porén, considerando o disposto nos artigos 21.1 e 24.3.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Administración ten a obriga de resolver expresamente sen que lle vincule o sentido do silencio.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo correspondente, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital
O secretario xeral técnico e do Patrimonio

Jorge Atán Castro